
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2017**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:50 horas do xoves día 16 de febreiro de 2017 coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de Actas
2. Informe do Director
3. Presuposto de 2016: Peche do exercicio
4. Presuposto de 2017
5. Proposta de concesión das “Medallas 25 anos da Escola”
6. Orde do día da próxima Xunta de Escola
7. Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martinez Lage	Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis

ESTUDANTES

Dacosta Tapia	Jorge
Rojo López	Gemma

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Valcárcel Cortiñas	M ^a Carmen
--------------------	-----------------------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de Actas

Apróbase a acta.

2. Informe do Director

O Director inicia o informe coas cuestións de Persoal, explica que o profesor Héctor Gómez está de estadia na universidade de Purdue. Por isto, a reitoría concedeu unha praza para a área de matemática aplicada, e a persoa seleccionada con contrato de interino de substitución foi o Sr. Marco Antonio Campo. Non houbo cambios no Persoal de Administración e servizos.

A continuación o director comenta aspectos relativos a títulos, a Vicerreitora convocouno a unha reunión para explicar as negociacións coa Xunta. Basicamente pretenden, en opinión da vicerreitora, establecer o mapa de titulacións e os criterios en canto a número de estudantes. O que queren promover é unha planificación compartida entre as tres universidades. Queren títulos interuniversitarios, e tamén queren formar parte dos equipos redactores dos planos de estudos. Tamén apareceron planteamentos de diferentes universidades en prensa. Os obxectivos da Consellería seguen sendo unha discriminación positiva aos campus periféricos, e tamén que as titulacións estean vinculadas á especialidade do Campus. Tamén recalca que se potencia a especificade de certas titulacións de grao e mestrado, titulacións singulares, que se impartirán sempre independentemente do número de matriculados.

Intervén o profesor Manuel Casteleiro sobre os títulos de moda e o de paisaxe da UDC, preguntando se son graos ou mestrados. Respóstalle o director que son graos.

No mes de xaneiro houbo eleccións a órganos de representación, tras isto haberá eleccións a directores e decanos. Tamén haberá eleccións ás direccións de departamentos.

Por último, transmite a felicitación do presidente da Xunta e da Conselleira polo acto de despedida de promocións celebrado en decembro.

3. Presuposto de 2016: peche do exercicio

O Director presenta os datos das diferentes partidas. O presuposto total da Escola foron 79766,85 € en capítulo 2 e 29199,00€ en capítulo 6. Sinala que se executou todo o gasto.

Consulta o profesor Jordi Delgado sobre a reasignación de 6000€ de equipamento informático. Explícase que foron pantallas e dous portátiles.

Consulta o estudante Jorge Dacosta sobre os gastos en viaxes de estudantes. Contesta que son viaxes de visitas a obras e asignacións para o Intercamiños.

4. Presuposto de 2017

O Director explica o documento, sinala que se asignan 61417,80€ en Cap2 e 34594,00€ en Cap6. Isto supón un 5% menos do presuposto anual previo. Hai moi pouca marxe de

manobra. Ademais no capítulo 6 a escaseza de fondos fai que non se poidan facer inversións en laboratorios como en outros anos anteriores. Presenta un gráfico da evolución do presuposto da Escola nos últimos anos, destacando que a caída aínda non presenta asíntota.

Pregunta a profesora Isabel Martínez Lage sobre se o presuposto da UDC sigue a mesma tendencia. Tamén consulta se é porque hai menos estudantes. O Director resposta que non se sabe máis dos criterios de asignación. Falouse de que habería fondos centralizados para asignar. Establécese un debate sobre esta cuestión.

Apróbase

5. Proposta de concesión das “Medallas 25 anos da Escola”

O Director presenta unha proposta cos criterios de concesión das medallas conmemorativas dos 25 anos da Escola. Sinala que a pretensión destas medallas é inclusiva e que buscan conmemorar a colaboración dos colectivos que fixeron posible o inicio da Escola e o seu desenvolvemento ao longo destes 25 anos. Hai criterios que fan referencia aos inicios da Escola e outros dende entón ata a actualidade. Pasa a detallar os criterios e explicar as motivacións e os vínculos coa Escola de cada grupo. Explica tamén o importante papel do colexio de Enxeñeiros de Camiños na implantación da Escola, dando como exemplo que foi aí onde se redactou o primeiro borrador do plan de estudos. Respecto ó persoal de Administración e Servizos, se incluírían ás persoas que estiveron na posta en marcha da Escola. No colectivo de estudantes, propón incluír á primeira promoción de estudantes da Escola. Por último, unha medalla ás empresas que levan repartindo premios aos proxectos fin de carreira de maneira histórica.

Tras a exposición do director establece un debate, fálase sobre o contido dos criterios, os tempos e os pasos para aprobar unha proposta de criterios e o axeitado do proceso de redacción deses criterios. Tamén se destaca o complexo que é tratar de nomes concretos.

Fruto do debate acórdase incluír tamén unha medalla aos representantes dos estudantes ademais da destinada á primeira promoción de estudantes da Escola. Tamén se acorda que os comentarios ou ideas sobre a proposta se lle remitan ao Director nos días seguintes.

6. Orde do día da próxima Xunta de Escola

Propón que a reunión teña a seguinte orde do día:

1. Actas
2. Informe

3. Presuposto de 2016: Peche do exercicio
4. Presuposto de 2017
5. Proposta de concesión das “Medallas 25 anos da Escola”
6. Quenda aberta

Apróbase

7. Quenda aberta de palabra

Intervén o estudante Jorge Dacosta consultando sobre unhas propostas que se enviaron á Escola: a posibilidade de que os apuntes estean dispoñibles antes das clases. A publicación completa das guías docentes, que teñen falta de información. Tamén a publicación das notas telematicamente (só un 40% se publican así), ben no moodle ou co sistema de SMS, indica que desde a perspectiva dos estudantes calquera das dúas opcións é válida, sempre que se publiquen telematicamente. Por último, destacar que en total 1/10 das notas non se publican en tempo para facer a revisión e asinar as actas.

Propónse preparar unhas recomendacións sobre estas cuestións e mandar un email comunicando isto aos profesores.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:50 do 16 de febreiro de 2017.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico